

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

PLAN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A IMPLEMENTACIÓN DOS ODS, 2021-2024



ÍNDICE

	<i>páxina</i>
1. INTRODUCCIÓN	2
2. PLAN DE ACCIÓN	4
2.1. <i>Ámbito social, igualdade e inclusión (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)</i>	7
2.2. <i>Ámbito ambiental (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)</i>	10
2.3. <i>Ámbito económico e produtivo (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)</i>	12
2.4. <i>Gobernanza e calidade democrática (ODS 16)</i>	16
2.5. <i>Alianzas (ODS 17)</i>	17
2.6. <i>Accións transversais: difusión e comunicación da Axenda 2030</i>	19
3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	20
ANEXOS	21

1. INTRODUCCIÓN

Este documento ten por obxecto recompilar as liñas de acción prioritarias a levar a cabo polo Concello de Pontedeume nos próximos tres anos, vinculadas aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.

Segundo o previsto no deseño deste estudo, unha vez finalizadas as fases secuenciais de recollida de información e análise da situación estrutural do municipio, preséntase a continuación un plan de acción orientado a acadar certos obxectivos vinculados aos ODS. Este plan elabórase a partir da análise da información obtida previamente, polo que os seus obxectivos, medidas e actuacións están fundamentadas na situación real do concello e, polo tanto, constitúen unha guía de acción adaptada e específica para Pontedeume.

Así, nunha primeira fase acudiuse a fontes oficiais que alimentaron a análise cuantitativa da situación actual e as tendencias socio-demográficas, económicas e ambientais de Pontedeume. Posteriormente recorreuse a fontes de información primaria utilizando ferramentas cualitativas. Deste xeito, realizáronse entrevistas en profundidade ao persoal técnico do Concello cun dobre obxectivo: contrastar a análise cuantitativa e recoller información de calidade sobre as liñas desenvolvidas nos últimos anos, así como a situación actual destas.



A partir da análise desta información realizáronse tres mesas de traballo con outros actores relevantes do municipio, entidades alleas ao Concello pero que realizan a súa actividade no seu termo municipal. Este enfoque multiactor permitiu contrastar ideas e valoracións sobre as actuacións levadas a cabo con anterioridade e sobre as liñas a seguir nos vindeiros anos. O procedemento de validación e contraste con axentes alleos á estrutura do Concello enriqueceu o proceso de definición de obxectivos, medidas e actuacións a implementar, polo que o plan de acción que se detalla a continuación conta cun grao de consenso notablemente elevado e resulta unha aposta conxunta das distintas entidades que conforman o tecido asociativo de Pontedeume e as institucións públicas municipais.

Neste punto cabe sinalar tamén as dificultades asociadas á actual situación sanitaria que motivou que as mesas de traballo se realizasen de xeito virtual, véndose certamente minguada a participación das entidades identificadas e convocadas, en senso tanto cuantitativo como cualitativo. Non obstante, as entidades que si asistiron participaron de forma activa e propositiva (o que resulta de gran importancia) e a información proporcionada fundamenta as liñas propostas nos tres ámbitos principais de aplicación dos ODS: social, ambiental e económico.

A continuación preséntase o ***Plan de Implementación Municipal dos ODS para Pontedeume***, nutrido a partir da análise realizada nas etapas mencionadas anteriormente, e que está conformado por 5 áreas, 7 obxectivos, 16 medidas e un total de 77 actuacións concretas a desenvolver no curto-medio prazo. Ademais, inclúese un apartado final vinculado á difusión e comunicación da Axenda 2030 entre a cidadanía do municipio, entendido este como eixo transversal do plan.

2. PLAN DE ACCIÓN

RESUMO DO PLAN DE ACCIÓN

ÁREA 1. ÁMBITO SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

OBXECTIVOS: 2

MEDIDAS: 5

ACTUACIÓNS: 19

ÁREA 2. ÁMBITO AMBIENTAL (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

OBXECTIVOS: 1

MEDIDAS: 3

ACTUACIÓNS: 14

ÁREA 3. ÁMBITO ECONÓMICO E PRODUTIVO (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

OBXECTIVOS: 2

MEDIDAS: 5

ACTUACIÓNS: 30

ÁREA 4. GOBERNANZA E CALIDADE DEMOCRÁTICA (ODS 16)

OBXECTIVOS: 1

MEDIDAS: 1

ACTUACIÓNS: 7

ÁREA 5. ALIANZAS (ODS 17)

OBXECTIVOS: 1

MEDIDAS: 2

ACTUACIÓNS: 7

TOTAL

5 ÁREAS

7 OBXECTIVOS

16 MEDIDAS

77 ACTUACIÓNS

ÁREA 1. Ámbito social, igualdade e inclusión (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
O1. Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades.	M1. Fortalecemento da área de Servizos Sociais do Concello
	M2. Mellora da cobertura de servizos públicos de índole social para a cidadanía (con especial énfase na promoción da conciliación persoal e laboral)
	M3. Fortalecemento e mellora do programa de actividades municipais para a cidadanía
O2. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento feminino a todos os niveis.	M4. Deseño e implantación efectiva do III PIOM Municipal
	M5. Fomento de actitudes e conductas feministas e do empoderamento das mulleres do municipio

ÁREA 2. Ámbito ambiental (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
O3. Fortalecer a xestión sostible dos recursos naturais municipais.	M6. Lograr o acceso a servizos de saneamento e abastecemento adecuados e equitativos para todas as persoas do municipio
	M7. Reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclaxe e reutilización
	M8. Fortalecemento da acción municipal en materia medioambiental

ÁREA 3. Ámbito económico e produtivo (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
O4. Promover o crecemento económico de Pontedeume de xeito sustentable e inclusivo.	M9. Accións orientadas ao fortalecemento do tecido produtivo
	M10. Accións orientadas á creación de postos de traballo decentes e ao fomento do emprendemento
	M11. Accións orientadas a promover un turismo sostible que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
O5. Mellorar a calidade de vida da poboación de Pontedeume apostando por un municipio inclusivo, seguro, resiliente e sustentable.	M12. Mellora da mobilidade e da accesibilidade no municipio
	M13. Mellora do acceso a servizos básicos de xeito inclusivo e sustentable

ÁREA 4. Gobernanza e calidade democrática (ODS 16)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
O6. Mellorar a gobernanza e a calidade democrática da acción municipal.	M14. Fomento dunha xestión pública local áxil, eficaz e transparente

ÁREA 5. Alianzas (ODS 17)

OBXECTIVOS	MEDIDAS
O7. Crear alianzas multi-actor con outras entidades da comarca (públicas e privadas).	M15. Consolidación das alianzas municipais xa existentes e xeración de novas relacións inter-municipais para a execución das liñas de acción vinculadas co desenvolvemento humano sostible
	M16. Conformación de alianzas co tecido asociativo local para o deseño e execución de liñas de acción de xeito coordinado

ÁREA 1. ÁMBITO SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN (ODS 1, 2, 3, 4 e 5)

OBXECTIVO 1. Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M1. Fortalecemento da área de Servizos Sociais do Concello	A1. Reforzo da contratación de persoal no departamento de Servizos Sociais	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de persoas contratadas na área · Nº de persoas atendidas desde a área · Nº de accións anuais desenvolvidas 	1.3, 3.8, 10.2
	A2. Simplificación do procedemento de solicitude e tramitación das axudas de emerxencia	<ul style="list-style-type: none"> · Documento de análise e avaliación de necesidades · Adaptación do procedemento aprobado 	1.3
	A3. Incrementar a cobertura do SAF municipal de libre concorrencia e incremento do cadro de persoal de asistencia. Redución notable das listas de agarda	<ul style="list-style-type: none"> · Número de persoas contratadas · Redución do número de persoas en listas de agarda 	1.3, 1.4, 5.4, 10.2, 10.3
	A4. Implantación dun programa de formación específico para as traballadoras de asistencia a domicilio, enfocado á estimulación cognitiva e psicomotricidade, así como á detección de necesidades das persoas usuarias, particularmente no referido aos estados depresivos asociados á soidade	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de horas de formación impartidas · Nº de persoas formadas · Nº de novas necesidades das persoas usuarias detectadas 	1.3, 1.5, 4.4, 10.2
M2. Mellora da cobertura de servizos públicos de índole social para a cidadanía (con especial énfase na promoción da conciliación persoal e laboral)	A5. Ampliación paulatina da cobertura do programa Xantar na Casa	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de persoas usuarias anualmente 	10.2, 10.3
	A6. Aumento paulatino de prazas do programa Madrugadores. Creación de bolsas ou axudas para este programa para as familias que o precisen	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de persoas usuarias anualmente · Normativa de solicitude de axudas ás familias aprobada · Nº de axudas concedidas no marco do servizo · Orzamento anual do servizo 	1.3, 2.1, 2.2, 4.2, 5.4, 5.5, 5.c
	A7. Mantemento da oferta dos Campamentos Urbanos, ampliando paulatinamente a cobertura (quendas e períodos ao longo do ano)	<ul style="list-style-type: none"> · Aprobación anual do funcionamento · Nº de horas/prazas ofertadas anualmente 	5.4, 5.5, 4.7

M3. Fortalecemento e mellora do programa de actividades municipais para a cidadanía	A8. Adecuación efectiva dos espazos xa existentes para a realización de actividades lúdico-deportivas para maiores de xeito descentralizado (dinamización dos espazos diseminados polas parroquias)	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de obras de mellora realizadas · Nº de actividades segundo espazo de impartición · Nº de participantes segundo actividade · Análise da evolución anual da participación 	3.4, 9.1, 11.1, 11.3, 11.7, 11.a
	A9. Fomentar e implantar actividades cun marcado carácter interxeracional	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades anuais · Nº de persoas participantes por actividade e idade 	4.7, 4.a, 10.2
	A10. Coordinación e planificación efectiva de actividades de educación familiar xunto co tecido asociativo e o centro escolar, atendendo ás necesidades identificadas previamente	<ul style="list-style-type: none"> · Programación anual das formacións · Nº de entidades organizadoras participantes · Documento de detección de necesidades (e actualizacións anuais) · Nº de actividades realizadas 	3.5, 4.2, 4.7, 4.a, 5.1

OBXECTIVO 2. Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento feminino a todos os niveis

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M4. Deseño e implantación efectiva do III PIOM Municipal	A11. Avaliación do II PIOM do Concello de Pontedeume	<ul style="list-style-type: none"> · Documento de avaliación 	5.1, 5.2, 5.4, 5.5, 5.c, 10.3, 17.14
	A12. Deseño e aprobación do III PIOM municipal, aliñando as súas accións cos ODS	<ul style="list-style-type: none"> · Documento do novo PIOM · Acta de aprobación polo pleno municipal 	
	A13. Creación dunha comisión de coordinación do PIOM no seo do Concello	<ul style="list-style-type: none"> · Acta de creación da comisión · Bases de funcionamento da comisión 	
	A14. Implementación dun plan de seguimento e avaliación do PIOM	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades do PIOM realizadas · Grao de actualización do sistema de seguimento · Nº de persoas do Concello que se implican na execución do PIOM 	

M5. Fomento de actitudes e conductas feministas e do empoderamento das mulleres do municipio	A15. Deseño e execución dun programa formativo en igualdade de xénero e diversidade estable que dote de continuidade ás actividades xa realizadas nos centros escolares	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accións formativas anuais segundo temática · Nº de materiais de difusión elaborados · Memorias de impacto das accións 	4.7, 5.1
	A16. Deseño dun programa de adquisición de competencias dixitais básicas para mulleres	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades formativas · Nº de mulleres formadas · Nº de temáticas ofertadas 	4.3, 4.4, 5.1, 5.b
	A17. Introducción do enfoque de xénero transversalmente no conxunto de áreas do Concello	<ul style="list-style-type: none"> · Informes de seguimento con enfoque de xénero das accións realizadas 	5c
	A18. Difundir e fomentar a aplicación da norma de 2005 de uso da linguaxe non sexista no Concello	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de persoas que coñecen a norma no seo do Concello · Porcentaxe de emprego da linguaxe non sexista na comunicación interna e externa da institución 	5.1, 5.b, 5.c
	A19. Reforzo da oferta de actividades formativas e de sensibilización vinculadas coa igualdade e a diversidade para a cidadanía	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accións de sensibilización anuais segundo público obxectivo · Nº de materiais de difusión elaborados · Memorias de impacto das accións con indicación de alcance (online e offline) 	4.7, 5.1

ÁREA 2. ÁMBITO AMBIENTAL (ODS 6, 12, 13, 14 e 15)

OBXECTIVO 3. Fortalecer a xestión sostible dos recursos naturais municipais

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M6. Lograr o acceso a servizos de saneamento e abastecemento adecuados e equitativos para todas as persoas do municipio	A20. Mellora do sistema de saneamento das instalacións propias do Concello	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de obras de mellora realizadas · Redución da xeración de vertidos non controlados das instalacións municipais 	6.1, 6.2, 6.3, 6.5. 6b
	A21. Apoio e fortalecemento da participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga e o saneamento	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de encontros coa sociedade civil · Nº entidades / persoas participantes · Nº de accións con axentes da sociedade civil como responsables · Nº de propostas da sociedade civil presentadas e implementadas 	
	A22. Elaboración dun plan de mellora e adecuación das infraestruturas e sistemas de depuración	<ul style="list-style-type: none"> · Documento do plan de mellora aprobado 	
	A23. Elaboración dun estudo de mellora da calidade da auga mediante a redución da contaminación, a eliminación de vertidos de augas residuais sen tratar e actuacións de limpeza de fondos mariños	<ul style="list-style-type: none"> · Estudo elaborado · Análise da calidade da auga anual 	
	A24. Mellora paulatina das infraestruturas da rede de auga municipal	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de obras de mellora realizadas 	
M7. Reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclaxe e reutilización	A25. Incremento progresivo do número de puntos de recollida selectiva no municipio	<ul style="list-style-type: none"> · Evolución anual do nº de puntos de recollida · Evolución anual da cantidade de residuos recollidos segundo tipo 	12.4, 12.5
	A26. Reforzo e xeneralización dun programa de compostaxe doméstico	<ul style="list-style-type: none"> · Porcentaxe de aumento da cobertura do programa 	12.2, 12.5, 12.8
	A27. Elaboración dunha campaña integral de sensibilización sobre a xeración de refugallos dirixida á poboación xeral	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accións anuais segundo público obxectivo · Nº de materiais de difusión elaborados · Memorias de impacto das accións con indicación de alcance (online e offline) 	12.5, 12.8

	A28. Organización periódica de actividades de limpeza dos fondos mariños, en coordinación con outras entidades	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades de limpeza anuais · Cantidade de residuos recollidos por actividade 	14.1, 14.2
M8. Fortalecemento da acción municipal en materia medioambiental	A29. Elaboración e difusión entre o persoal do Concello dun protocolo de prácticas de adquisición pública sostible	<ul style="list-style-type: none"> · Protocolo elaborado · Nº de persoas que coñecen o protocolo 	12.7
	A30. Elaboración e difusión do Plan PACES, aliñando as súas accións cos ODS	<ul style="list-style-type: none"> · Documento PACES elaborado e aprobado · Nº de accións de difusión anuais vinculadas ao PACES 	13.1, 13.2, 13.a, 13.b, 11.b, 12.2
	A31. Incentivar a compra de produtos de proximidade nos procesos públicos de concesións e contratacións	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de procedementos que inclúan estas cláusulas 	12.7
	A32. Implementación de accións polo clima de sensibilización nos centros educativos	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades organizadas · Nº persoas participantes · Nº de entidades colaboradoras 	13.3
	A33. Deseño e implantación dun plan estratéxico de xestión forestal integral, atendendo ás posibilidades de explotación económica, á biodiversidade que habita os espazos forestais e aos protocolos establecidos contra incendios, en colaboración coas comunidades de montes e o resto de Concellos da comarca	<ul style="list-style-type: none"> · Documento do plan aprobado · Nº de entidades participantes na elaboración · Accións implementadas do plan 	15.1, 15.2, 15.3, 15.4, 15.5, 15.6, 15.9

ÁREA 3. ÁMBITO ECONÓMICO E PRODUTIVO (ODS 7, 8, 9, 10 e 11)

OBXECTIVO 4. Promover o crecemento económico de Pontedeume de xeito sustentable e inclusivo

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M9. Accións orientadas ao fortalecemento do tecido produtivo	A34. Adecuación dos accesos e dotación de servizos básicos no polígono industrial	· Nº de obras de mellora de acceso e dotación de servizos · Nº de empresas ubicadas	8.1, 8.2, 8.3, 8.5, 8.6, 8.b, 9.2
	A35. Creación dunha rede de comercio local con identidade propia orientada á especialización e á sustentabilidade	· Acta de conformación da rede · Nº de entidades adheridas á rede	8.3, 8.4, 11.a
	A36. Deseño de accións formativas orientadas á profesionalización dos sectores do comercio detallista e da hostalaría	· Nº de accións formativas segundo temática e público · Nº de entidades participantes · Documento de detección de necesidades (e actualizacións anuais)	8.3, 8.9
	A37. Programa de formación dixital para o comercio local, utilizando ferramentas de software libre	· Programa anual de formación · Nº de persoas participantes no programa	8.2, 8.3, 9.c
M10. Accións orientadas á creación de postos de traballo decentes e ao fomento do emprendemento	A38. Reforzo da área de orientación laboral e emprendemento do Concello	· Nº persoas contratadas na área · Nº de persoas atendidas desde a área · Nº de accións anuais desenvolvidas	8.5, 8.6, 8.8, 8.b, 17.14, 17.17
	A39. En colaboración coas industrias da comarca, organización dun programa de formación orientado ao emprego industrial para a xente nova	· Programa de formación deseñado · Nº de persoas participantes · Porcentaxe de inserción laboral das persoas participantes	8.3, 8.5, 8.6, 9.2, 17.17
	A40. Coordinación do proceso de creación de bolsas para alumnado de FP nas empresas da contorna (con centros escolares e sector industrial)	· Nº de bolsas ofertadas / cubertas · Nº de alumnado que accede a un posto de traballo tras o período de bolsa · Nº de empresas participantes	4.3, 4.4, 8.3, 8.5, 9.2, 17.17
	A41. Definición dunha estratexia municipal de fomento do emprendemento	· Estratexia elaborada e publicada	8.3, 8.5, 8.6

	A42. Posta en valor do capital social, técnico e económico das persoas prexubiladas do sector industrial da comarca coa creación dun programa de capacitación técnico-industrial para a xente nova (programa de mentorías ou acompañamento)	<ul style="list-style-type: none"> · Documento de aprobación da proposta · Nº de persoas xubiladas participantes · Nº de xente nova participante · Horas de mentoría realizadas 	4.4, 8.3, 8.5, 8.6, 9.2
M11. Accións orientadas a promover un turismo sostible que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais	A43. Posicionar a Pontedeume como centro cultural e de comercio a nivel comarcal a través da potenciación da identidade municipal asociada ao capital histórico-cultural, medioambiental, comercial e gastronómico propio	<ul style="list-style-type: none"> · Dossier de posta en marcha da estratexia de potenciación · Nº de accións de difusión 	8.2, 8.3, 8.9, 11.4, 11.a
	A44. Incorporación ás actividades de promoción o resto de portais de entrada ás Fragas coa intención de redistribuír a cantidade de xente que accede dun xeito máis equitativo (coordinación entre os cinco Concellos que teñen acceso ás Fragas)	<ul style="list-style-type: none"> · Accións desenvoltas de xeito conxunto · Análise do fluxo de persoas segundo portal de entrada 	8.2, 8.4, 8.9, 9.1, 15.4, 15.6, 15.9, 17.14, 17.17
	A45. Creación dun aparcamento disuasorio para as persoas que se achegan ás Fragas coa finalidade de avanzar na prohibición de entrada con vehículos a motor	<ul style="list-style-type: none"> · Informe técnico de creación do aparcamento · Normativa sobre vehículos a motor nas Fragas 	9.1, 15.4, 15.6, 15.9, 17.14, 17.17
	A46. Adecuación dos accesos ás Fragas de forma consensuada co resto de Concellos vinculados ao Parque Natural	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accesos mellorados 	
	A47. Colocación de paneis ou puntos de interpretación nos lugares de interese con información sobre o valor medioambiental da zona e as distintas especies que habitan o ecosistema	<ul style="list-style-type: none"> · Memoria de actuacións · Nº de puntos sinalizados 	8.9, 9.1, 11.4, 11.a
	A48. Creación de novas rutas de sendeirismo autosostibles (en colaboración co tecido asociativo)	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de novas rutas · Nº de asociacións participantes · Nº de actividades de difusión das novas rutas 	3.4, 9.1, 11.3, 11.7
	A49. Fomento e apoio á creación de novos hospedaxes de pequena-mediana escala, apostando pola rehabilitación de edificios históricos e do albergue	<ul style="list-style-type: none"> · Accións de apoio implementadas · Axudas ofertadas (recursos económicos e técnicos) · Nº de hospedaxes en funcionamento 	8.1, 8.2, 8.3, 8.4, 8.5, 8.9

A50. Enfoque de proximidade nas actuacións a desenvolver no Mercado Municipal e xeración de alianzas con produtores e produtoras da comarca para reforzar o compromiso da hostalaría e turismo con estes produtos	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actuación implementadas con enfoque de proximidade · Nº de alianzas xeradas con produtoras/es · Nº de establecementos adheridos (hostalaría / turismo) 	8.1, 8.2, 8.3, 8.4, 8.9, 11.a
A51. Creación dun mecanismo de coordinación asociativa municipal para lograr a implicación efectiva do tecido asociativo deportivo-cultural como entidades dinamizadoras dos festivais e demais eventos multitudinarios de Pontedeume	<ul style="list-style-type: none"> · Memoria dos pasos implementados · Nº de actividades organizadas de xeito conxunto 	8.9, 11.4, 11.a, 16.7, 17.17
A52. Avanzar na tramitación para a creación dun auditorio municipal que potencie a vida cultural do municipio e funcione como punto de encontro e difusión das actividades culturais	<ul style="list-style-type: none"> · Informe técnico de creación da infraestrutura · Nº de actividades desenvoltas no auditorio · Nº de persoas usuarias do auditorio 	8.9, 9.1, 11.4

OBXECTIVO 5: Mellorar a calidade de vida da poboación de Pontedeume apostando por un municipio inclusivo, seguro, resiliente e sustentable

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M12. Mellora da mobilidade e da accesibilidade no municipio	A53. Deseño e implantación dun Plan de Mobilidade Sostible Municipal	· Aprobación do plan	11.2, 11.3, 11.6, 13.2
	A54. Deseño participativo e implantación dun Plan Municipal de Accesibilidade	<ul style="list-style-type: none"> · Aprobación do plan · Nº de entidades / persoas implicadas no deseño 	1.4, 11.1, 11.2, 11.3
	A55. Eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios municipais	· Nº de obras ou melloras	11.2, 11.3

	A56. Humanización e creación dun aparcamento disuasorio na Avenida de Ferrol, mellorando a mobilidade e reducindo o número de vehículos que circulan polo municipio	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de obras realizadas · Análise da evolución do fluxo de vehículos · Proxecto do aparcamento disuasorio executado 	11.1, 11.3, 11.6, 11.7, 13.2, 13.3
	A57. Redución drástica do número de vehículos na Praza do Conde (humanización do espazo, peonalización e creación dunha zona ora reducida)	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de obras realizadas · Normativa da ora reducida · Análise da evolución do fluxo de vehículos 	
	A58. Establecer ferramentas complementarias de transporte accesible para a poboación do rural (como pode ser, por exemplo, a implantación do bono-taxi) destinadas á realización de tarefas de primeira necesidade (visitas médicas, trámites administrativos...)	<ul style="list-style-type: none"> · Mecanismos aprobados de transporte accesible (bono-taxi ou outros) · Nº de persoas usuarias das ferramentas · Partida orzamentaria anual 	11.1, 11.2, 11.6, 11.b, 13.2
	A59. Creación dunha ruta dende o porto de Pontedeume ata o paseo de Cabanas que facilite a mobilidade entre ambos municipios, respectando os bancos marisqueiros e ecosistema dese espazo	<ul style="list-style-type: none"> · Aprobación conxunta de ambos Concello · Obra realizada 	3.4, 9.1, 11.2, 11.3, 11.6, 11.7, 11.a, 17.17
M13. Mellora do acceso a servizos básicos de xeito inclusivo e sustentable	A60. Promover a rehabilitación e reformas de vivendas encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de reformas aprobadas vinculadas á mellora da eficiencia enerxética 	11.1, 11.3, 11.6, 7.1, 7.3
	A61. Dotación de servizos básicos e prover un mantemento axeitado nas infraestruturas deportivas situadas fóra do casco urbano	<ul style="list-style-type: none"> · Número de obras de mellora segundo núcleo poboacional 	3.4, 9.1, 11.1, 11.3, 11.7, 11.a
	A62. Aumento paulatino do acceso ás TIC e esforzo por proporcionar acceso universal e alcanzable a Internet á toda a cidadanía	<ul style="list-style-type: none"> · Nivel de cobertura da poboación de Internet e fibra · Nº de puntos wifi públicos 	9.c
	A63. Rehabilitación e adecuación dos espazos deportivos ao aire libre de competencia municipal para fomentar o deporte entre a mocidade (máis aló do federado)	<ul style="list-style-type: none"> · Número de obras de mellora · Accións de difusión do deporte como hábito de vida saudable 	3.4, 9.1, 11.1, 11.3, 11.7

ÁREA 4. GOBERNANZA E CALIDADE DEMOCRÁTICA (ODS 16)

OBXECTIVO 6. Mellorar a gobernanza e a calidade democrática da acción municipal

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M14. Fomento dunha xestión pública local áxil, eficaz e transparente	A64. Implantación total da Administración Electrónica para a xestión de expedientes	· Expedientes tramitados de xeito electrónico	16.6, 16.10
	A65. Programa de formación e actualización para o persoal do Concello en materia de Administración Electrónica	· Nº de formacións · Nº de persoas participantes	16.6
	A66. Establecemento de mecanismos de comunicación e coordinación interdepartamentais ("Creando Pontes") para favorecer o traballo en equipo e o xurdimento de sinerxías no seo do Concello	· Informe de formalización dunha canle de comunicación · Nº de encontros realizados · Nº proxectos realizados de xeito conxunto	16.6
	A67. Fortalecemento das competencias dixitais (sede electrónica) da poboación xeral a través dun programa de formación e difusión das ferramentas, con especial énfase nas persoas maiores	· Nº de formacións · Nº de persoas participantes segundo idade · Nº de persoas atendidas para a realización de trámites virtuais	16.3, 16.7, 9.c
	A68. Inclusión de novas cláusulas sociais e sostibles nos procesos de compra pública aliñadas cos ODS	· Nº e tipo de cláusulas engadidas · Nº de procedementos que inclúan estas cláusulas	12.7, 16.7, 16.10, 16.b
	A69. Implementación dun plan de seguimento do impacto do plan de ODS municipal	· Conformación dunha comisión de seguimento · Nº de reunións mantidas · Nº de actualizacións / modificacións aprobadas	16.7, 16.10, 16.b, 17.14
	A70. Renovación e actualización permanente da información da xestión municipal a través dunha páxina web accesible	· Nova páxina web publicada · Nº de novas publicadas · Nº de persoas visitantes	16.6, 16.10

ÁREA 5. ALIANZAS (ODS 17)

OBXECTIVO 7. Crear alianzas multi-actor con outras entidades da comarca (públicas e privadas)

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	INDICADORES	META ODS
M15. Consolidación das alianzas municipais xa existentes e xeración de novas relacións inter-municipais para a execución das liñas de acción vinculadas co desenvolvemento humano sostible	A71. Busca de alianzas inter-municipais para a contratación de persoal para a área de orientación laboral e emprendemento (contratación conxunta entre varios Concellos)	<ul style="list-style-type: none"> · Actas de conformación de alianzas · Accións desenvoltas de xeito conxunto nesta área 	17.14, 17.16, 17.17
	A72. Fortalecemento e creación de alianzas con Concellos vinculados ao Parque Natural Fragas do Eume para potenciar a súa riqueza como aposta de turismo sostible	<ul style="list-style-type: none"> · Actas de conformación de alianzas · Accións desenvoltas de xeito conxunto · Orzamento apalancado para esta liña 	
	A73. Mantemento e aumento da coordinación cos Concellos limítrofes para a captación de financiamento e o desenvolvemento de proxectos de xeito conxunto no eido do desenvolvemento humano sostible (como o de prevención de drogodependencias co Concello de Cabanas)	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de solicitudes de proxectos presentados en consorcio · Nº de proxectos executados en consorcio · Orzamento apalancado de xeito coordinado 	
M16. Conformación de alianzas co tecido asociativo local para o deseño e execución de liñas de acción de xeito coordinado	A74. Deseño dun programa de fomento e fortalecemento do tecido asociativo municipal tendo en conta as súas necesidades e demandas	<ul style="list-style-type: none"> · Programación anual · Nº de accións implementadas · Nº de entidades participantes 	17.14, 17.17, 16.7
	A75. Deseño dunha campaña de fomento da participación activa da mocidade no asociacionismo local	<ul style="list-style-type: none"> · Memoria da campaña · Materiais elaborados para a campaña · Público obxectivo impactado coa campaña · Nº de asociacións locais de xente nova · Nº de persoas socias das asociacións locais segundo idade 	

A76. Creación de espazos de encontro estables entre o tecido asociativo local para compartir aprendizaxes e boas prácticas	<ul style="list-style-type: none">· Nº de encontros celebrados· Nº de entidades participantes· Nº de accións postas en marcha de xeito conxunto
A77. Fortalecer a participación da cidadanía na vida pública do concello e no proceso de toma de decisións (canles de difusión estables e accesibles, recepción de propostas veciñais, impulso dos orzamentos participativos,...)	<ul style="list-style-type: none">· Páxina web actualizada e accesible· Nº de propostas veciñais formalmente recibidas· Manual de proceso de orzamentos participativos elaborado· Partida orzamentaria anual a orzamentos participativos

ACCIÓNS TRANSVERSAIS: DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DA AXENDA 2030

Por último, dada a importancia de aumentar o coñecemento da cidadanía no seu conxunto sobre a Axenda 2030 e a vinculación real dos ODS co eido local, cabe engadir neste Plan de Acción un apartado específico que propón un conxunto de accións transversais (AT) enfocadas á difusión e comunicación da Axenda 2030 no municipio.

OBXECTIVO: Dar a coñecer a Axenda 2020 entre o conxunto da cidadanía do municipio

ACTUACIÓNS	INDICADORES
AT1. Formar ao persoal laboral e político do Concello en materia de Axenda 2030 e ODS	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accións formativas por ano · Nº de persoas asistentes por acción
AT2. Deseñar campañas de difusión dos ODS para a cidadanía no seu conxunto	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de campañas implementadas anualmente · Nº de persoas impactadas pola campaña · Materiais deseñados para cada campaña · ODS visibilizados en cada campaña
AT3. Deseñar campañas de difusión dos ODS para a comunidade escolar do municipio en coordinación con outros actores (centros educativos, ANPA,...)	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de campañas implementadas por curso académico · Nº de persoas impactadas pola campaña · Materiais deseñados para cada campaña · ODS visibilizados en cada campaña
AT4. Visibilizar os vínculos entre as diferentes accións municipais e os ODS, incluíndo a imaxe dos ODS correspondentes en cada proxecto ou servizo	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de accións con visibilidade de ODS
AT5. Deseñar unha presentación xeral da Axenda 2030 para incluír en todas as actividades formativas e de sensibilización impulsadas polo Concello, logrando contextualizar a acción concreta no marco xeral dos ODS	<ul style="list-style-type: none"> · Nº de actividades que engaden unha presentación dos ODS · Nº de persoas participantes nestas actividades
AT6. Engadir un apartado propio sobre a Axenda 2030 e os ODS na páxina web do Concello para difundir entre a cidadanía	<ul style="list-style-type: none"> · Visualizacións do apartado ODS na web
AT7. Organizar un concurso anual de ideas sobre como acadar os ODS no local para a mocidade do municipio	<ul style="list-style-type: none"> · Material elaborado para o concurso · Nº de propostas presentadas · ODS incluídos nas propostas

3. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Unha das actuacións incluídas neste documento apunta directamente á implementación do proceso de seguimento do impacto do Plan Municipal dos ODS (actuación 70 incluída na medida 14 “Fomento dunha xestión pública local áxil, eficaz e transparente”).

O primeiro paso desta actuación correspóndese coa creación dunha comisión encargada do seguimento e avaliación do propio Plan de Acción. A recomendación neste punto pasa pola conformación dunha comisión mixta (con persoal técnico e político do Concello) e con participación tamén de entidades externas á institución con representatividade no municipio. Neste senso e atendendo á transversalidade e integralidade da Axenda 2030, é preciso que a comisión implique á totalidade de departamentos ou áreas do Concello para evitar a implementación non coordinada das accións. Cabe subliñar que para incentivar a participación do persoal nesta comisión, o tempo de traballo destinado a esta labor deberá computar dentro da xornada laboral das persoas que a integren.

Esta comisión debería reunirse non menos de seis veces ao ano para analizar o grao de cumprimento das actuacións propostas, ben sexa de xeito presencial ou virtual. Así mesmo, deberá presentar un estado de avances e retos ao equipo de goberno de xeito semestral. Nestas reunións semestrais poden aprobarse as medidas que se estimen oportunas para reconducir as actividades co fin de acadar os obxectivos establecidos. O presente plan entrará en vigor unha vez aprobado formalmente polo Pleno Municipal do Concello de Pontedeume, estimando a data de inicio en outubro de 2021. Deste xeito a data orientativa da primeira reunión semestral é abril 2022.

Para facer máis doada esta labor, inclúese un modelo de ficha de seguimento para as actuacións recollidas no Plan de Acción (ver Anexo 1), a cal deberá ser cumprimentada por todo o persoal implicado na súa execución e remitida á Comisión nos prazos que se estimen oportunos.

En canto á avaliación, recoméndase unha intermedia tras o primeiro ano e medio de execución (abril - maio 2023) co propósito de verificar a adecuación dos obxectivos establecidos ás novas circunstancias que poidan xurdir.

Por último, precísase dunha avaliación final o primeiro trimestre de 2025 na que se analizará a consecución dos obxectivos a partires das memorias e informes de seguimento elaborados, a cal deberá servir de base para o deseño dos futuros plans de implementación dos ODS do Concello de Pontedeume.

ANEXO 1: MODELO DE FICHA DE SEGUIMIENTO

ÁREA:
OBXECTIVO:
MEDIDA:
ACTUACIÓN:
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA:
PERSOAS RESPONSABLES DA EXECUCIÓN:
INICIO:
FIN:
ORZAMENTO:
PERSOAS PARTICIPANTES:
DIFICULTADES ATOPADAS:
VALORACIÓN XERAL DA ACTUACIÓN:
FACTORES A TER EN CONTA PARA O FUTURO:

Asdo.: _____

Data: _____

ANEXO 2: PARTICIPANTES DAS MESAS DE TRABALLO

Cabe mencionar un especial agradecemento ás persoas, e entidades representadas, que asistiron e participaron activamente nas mesas de traballo convocadas de xeito virtual para a realización deste plan.

MESA DE TRABALLO SOCIAL

- ✓ *Eduardo Mourelle*, **Asociación Folclórica Cultural "ORBALLO"**
- ✓ *Ana Martínez*, **Asociación Xente de Aquí e Acolá**
- ✓ *Isabel Casás*, **ANPA Apertas**
- ✓ *Juan Carlos Pérez*, **Sociedade Deportiva Eumesa**
- ✓ *Noelia Santalla*, **ANPA CEIP Andrade**

MESA DE TRABALLO AMBIENTAL

- ✓ *Enrique Salvadores*, **Club Náutico Firrete**
- ✓ *Santiago Salgado*, **Confraría de Pontedeume**
- ✓ *Anxo Martínez Zas*, **GDR Seitura 22**
- ✓ *Toni Fernández*, **GALP (Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro) "Golfo Ártabro Norte"**

MESA DE TRABALLO ECONÓMICA

- ✓ *Soraya González*, **Plan de Inclusión do Consorcio da Xunta**
- ✓ *Silvia San Martín*, **MICE Galicia**
- ✓ *Anxo Martínez Zas*, **GDR Seitura 22**